

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: DEDICACIÓN PARCIAL DA CONCELLEIRA DE TRANSPORTES E MOBILIDADE M^a TERESA CASTRO FRAMIL

EXPEDIENTE: 2023/G003/000977

Considerando que, mediante Resolución desta Alcaldía, do 27 de xuño de 2023 (res. 786/2023), nomeouse a María Teresa Castro Framil como concelleira delegada de Transportes e Mobilidade.

Tendo en conta que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 30 de xuño de 2023, aprobou a dedicación parcial, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo á concellaría de Transportes e Mobilidade.

Visto o escrito presentado por María Teresa Castro Framil, o 6 de xullo de 2023, solicitando a compatibilidade entre o seu actual posto de traballo no Sergas e o seu cargo de concelleira de transportes e mobilidade no Concello de Teo (rex. entrada nº 3236).

Vista o informe do Director Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 28 de agosto de 2023, presentado pola interesada con data de 1 de agosto de 2023 (res. entrada nº 3548), segundo o cal, en base ao informe da Asesoría Xurídica Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, recibido na Dirección Xeral de función pública o 20 de maio de 2010, no caso de persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia *“que pretendan compatibilizar dita actividade co desempeño dunha actividade pública secundaria como membro dunha corporación local, sen dedicación exclusiva, no é precisa a autorización previa de compatibilidade por constituír unha excepción establecida pola lei”*.

Considerando que, segundo o artigo quinto apartado 1, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o persoal incluído no seu ámbito de aplicación, poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dun cargo público con dedicación parcial nunha Corporación Local, establecendo no apartado 2 do artigo citado que *“nos supostos de membros das*

Corporacións locais en situación de dedicación parcial, a que fai referencia o artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poderán percibirse retribucións por tal dedicación, sempre que a desempeñen fora da súa xornada de traballo na Administración, e sen superar en ningún caso os límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso. A Administración na que preste os seus servizos un membro dunha Corporación local en réxime de dedicación parcial e esta última deberán comunicarse reciprocamente a súa xornada en cada una delas e as retribucións que perciban, así como calquera outra modificación que se produza nelas”.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer efectivo o acordo plenario do 30 de xuño de 2023 e, na súa virtude, solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social de María Teresa Castro Framil como concelleira con dedicación parcial con data de efectos 2 de agosto de 2023, debéndose dar cumprimento ao establecido no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

Terceiro.- Dar traslado da presente á Intervención e Tesouraría municipais e ao Departamento de Recursos Humanos.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz